

POLÍTICA DE CALIDADE

AMARAI (Asociación de Persoas con Discapacidades e Apoio a Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide) está comprometida coa implantación dun Sistema de Xestión da Calidade nos seus centros conforme a Norma Internacional UNE-EN-ISO 9001:2015, en aras de mellorar os seus procesos de prestación de servizos programas e proxectos orientados a dotar da máxima autonomía as persoas con discapacidade contando con todas as ferramentas necesarias para que a atención á discapacidade e á dependencia sexa efectiva.

Os servizos e programas que **AMARAI** pon en funcionamento céntranse na **mellora e mantemento das capacidades físicas, cognitivas, sensoriais e sociais**; todo para contribuír a un desenvolvemento funcional e real da persoa, procurando que participe na sociedade e sexa capaz de afrontar nas mellores condicións a súa vida.

A nosa Política de Calidade baséase nos seguintes principios:

1. **Conquerir a participación das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade**, con especial énfase na xeración e xestión de OPORTUNIDADES no acceso a educación, o emprego e nas relacións sociais; potenciando que se fagan políticas transversais que contemplan o colectivo de persoas con discapacidade en **IGUALDADE DE CONDICIÓNS** ó resto da sociedade.
2. **Realizamos o máximo esforzo dende a entidade para que as persoas con discapacidade do nosa contorna e as súas familias teñan acceso á información, asesoramento e a todos aqueles servizos, programas e proxectos que poidan aportar unha mellora na súa calidade de vida. Tendo en conta novos procesos de INNOVACIÓN que nos permitan mellorar na atención o colectivo, dando prioridade ós socios.**
3. **Promover e acadar que o grupo social das persoas con discapacidade gocen dos seus dereitos e accedan en igualdade de condicións, coa**

Anexo I. Política de Calidade
Revisión: 0
Fecha: 01/06/2016

máxima das consideracións á dignidade e diversidade destas, en tódolos eidos da sociedade. Tendo moi presente as dificultades que presentan colectivos como mulleres con discapacidade, infancia e xuventude.

4. Dende AMARAI potenciaremos calquera faceta que poida axudarnos a conquistar a nosa MISIÓN.

A Xunta Directiva expresa o seu compromiso de cumprir e facer cumprir esta política, establecendo os mecanismos e as medidas de control que sexan precisas, para garantir que a mesma se cumpra.

Comprométese igualmente a cumprir cos requisitos dos seus socios e/ou persoas usuarias, así como os legais e regulamentarios, desenvolvendo para iso un proceso de mellora continua no desempeño das súas funcións, establecendo e revisando periodicamente uns obxectivos de calidade e dotando a asociación dos recursos humanos e materiais necesarios para asegurar a calidade na prestación dos servizos.

A calidade afecta a tódolos ámbitos de actuación de *AMARAI* e nace do **COMPROMISO** do traballo diario e da **ACTITUDE** de todas e cada unha das persoas que participan no seu funcionamento, para iso é necesario que todo o persoal entenda, acepte e cumpra as directrices, procedementos e demais protocolos que lle resulten aplicables.

En Arzúa, a 1 de Xuño de 2016